



| | |
|---|---|
| SUBVENCIÓN | Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual |
| CÓDIGO PROCEDIMENTO | VI432E |
| PUBLICACIÓN | DOG número 63, do 6 de abril de 2021. Resolución do 26 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento VI432E) |
| BASES REGULADORAS | DOG número 63, do 6 de abril de 2021. Resolución do 26 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento VI432E) |
| OBXECTO | Conceder axudas ás persoas arrendatarias de vivenda habitual que, como consecuencia do impacto económico e social do COVID-19, teñan problemas transitorios para atender ao pagamento parcial ou total do alugueiro. Especificamente, o programa inclúe no seu obxecto a concesión de axudas para facer fronte á devolución das axudas transitorias de financiamento recollidas no artigo 9 del Real decreto lei 11/2020, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 e contraídas polas persoas arrendatarias de vivenda habitual, a cuxa devolución no puideran facer fronte. |
| PROCEDIMENTO | O procedemento para a concesión das axudas iníciase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a correspondente resolución de convocatoria. |
| PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES | Dende o 07/04/2021 ata o 30/09/2021 |
| REQUISITOS DOS SOLICITANTES | Persoas físicas maiores de idade Nacionalidade española ou residencia legal en España Titulares, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda situado en Galicia cunha duración mínima dun ano, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, con mención expresa da súa referencia catastral e do medio e forma de pago á persoa arrendadora. Que a vivenda arrendada constitúa a residencia habitual e permanente de toda a unidade de familiar (Deben estar empadroados na data da solicitude) |



| | |
|--|---|
| | Ter pagadas as 3 mensualidades inmediatamente anteriores ao 1º mes para o que se solicita a axuda ou desde o inicio do contrato, de ser o caso. Non se admiten pagos en metálico. |
| | Estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Seguridade Social. |
| | Non ser propietario nin usufrutuário dalgunha vivenda en España (o solicitante e a unidade familiar). |
| | Non ter parentesco en 1º ou 2º grao de consanguinidade ou de afinidade co arrendador ou ser socias ou partícipes da persoa física ou xurídica arrendadora (o solicitante e a unidade familiar) |
| Estar en situación de vulnerabilidade económica e social | Desemprego, ERTE, redución de xornada por motivo de coidados, cesamento de actividade de traballadores por conta propia, ou perda substancial de ingresos do obrigado a pagar a renda a partir do 14 de marzo de 2020. |
| | Ingresos netos da unidade familiar no mes anterior á solicitude inferiores a 3, 4 ou 5 veces o IPREM en función das circunstancias concorrentes. |
| | Renda e gastos e subministracións básicas do mes anterior á solicitude da axuda, iguais ou superiores ao 35% dos ingresos netos da unidade familiar. |
| IMPORTE SUBVENCIÓN | 500 € mensuais durante un máximo de 6 meses consecutivos (Non pode exceder da renda do contrato). No caso de préstamos: 3000 € |
| DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE | <ul style="list-style-type: none"> • Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. • No caso de cese de actividade dos traballadores por conta propia: certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou órgano competente da Comunidade Autónoma e, de ser o caso, desemprego ou prestacións que reciba, así como as autoliquidacións periódicas dos impostos que correspondan, en función da actividade da persoa solicitante da axuda (Declaración censal de alta/baixa ou variación de datos -modelo 036 ou 037-). • Nos casos de ceses temporais de actividade: resolución da mutua ou resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social onde conste dito cese temporal • No caso de que a persoa solicitante estea afectada por un ERTE: certificado da empresa no que acredite que a persoa solicitante está incluída no ERTE • No caso de redución de xornada ou excedencias por coidados de familiares: resolución de variación de datos no Instituto Nacional da Seguridade Social ou calquera outro documento que acredite as ditas circunstancias. • No caso de perda substancial de ingresos derivada doutras circunstancias vinculadas á actividade laboral ou empresarial: <ul style="list-style-type: none"> -En caso de traballadores por conta propia: autoliquidacións periódicas dos impostos que corresponda, en función da actividade da |



persoa solicitante (modelo 130 dos dous últimos trimestres presentados anteriores á solicitude, modelo 303 de declaración do Imposto sobre o Valor Engadido dos dous últimos trimestres presentados anteriores á solicitude, no caso de autónomos non obrigados a presentar declaración IRPF) e estado contable de perdas e ganancias ou balance de situación co resultado neto do mes correspondente e documentos acreditativos de tales circunstancias nos demais supostos.

- En caso de traballadores por conta allea: xustificantes bancarios do abono en conta de nóminas ou prestacións con data valor do mes solicitado, independentemente do período de liquidez. Non obstante, para aqueles traballadores que cobren o seu salario en efectivo, certificado do empregador conforme se lle abonou a cantidade a percibir, onde conste o concepto, cantidade e a data.

- Libro de familia ou documento acreditativo de parella de feito, de ser o caso.
- Certificado ou volante colectivo de empadramento que acredite as persoas empadroadas na vivenda no momento de presentación da solicitude de axuda.
- Declaración de discapacidade, de dependencia ou de incapacidade permanente da persoa solicitante e das persoas membros da unidade familiar, para realizar unha actividade laboral, no caso de non ser expedida pola Xunta de Galicia, de ser o caso.
- Nota simple do servizo de índices do Rexistro da Propiedade ou calquera outro documento que acredite que a persoa solicitante ou algunha das persoas da súa unidade familiar non é titular de ningunha vivenda, no caso de que a persoa solicitante ou algunha das persoas membros da súa unidade familiar conste como titular catastral dunha vivenda.
- No caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da súa unidade familiar sexan propietarias ou usufrutuarías dalgunha vivenda en territorio español e non poidan dispoñer dela:
 - Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite a dita circunstancia, de ser o caso.
 - Documentación que acredite que a persoa solicitante e a súa unidade de familiar no poden habitar a vivenda por calquera outra causa allea á súa vontade, de ser o caso.
 - Informe técnico que xustifique a inhabilitabilidade ou inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade da persoa titular e/ou dalgún membro da súa unidade de familiar, de ser o caso.
- No suposto de que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da súa unidade familiar sexan propietarias ou usufrutuarías da parte alícuota dunha vivenda en territorio español: documentación acreditativa de que foi obtida por transmisión mortis causa, de ser o caso.
- Contrato de alugamento da vivenda, cunha duración mínima dun ano, con mención expresa da súa referencia catastral e do medio e forma de pagamento á persoa arrendadora.
- Extractos ou certificados bancarios, acreditativos do pagamento das últimas tres mensualidades da renda do contrato anteriores ao

| | |
|--|---|
| | <p>primeiro mes para o que se solicita a axuda, salvo que o contrato levase vixente un prazo menor, caso en que se acreditará o pagamento desde o inicio do contrato.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de axuda transitoria de financiamento de acordo ao establecido no artigo 9 do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, ou certificado bancario do préstamo formalizado conforme ao artigo 9 do Real decreto Lei 11/2020, do 31 de marzo, de ser o caso. • Anexo II, no caso de que a unidade familiar estea integrada por máis dunha persoa. • Documentación acreditativa dos ingresos da persoa solicitante e da súa unidade familiar correspondentes ao mes anterior ao da presentación da solicitude: <ul style="list-style-type: none"> - Nóminas ou outros xustificantes dos rendementos do traballo percibidos nese mes, con independencia do período de liquidez ao que se refiran. - Certificados ou xustificantes do importe mensual de prestacións, subsidios ou pensións das administracións públicas percibidos nese mes, con independencia do período de liquidez ao que se refiran. - Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario. - Certificado da persoa empleadora conforme se ten realizado o pagamento, onde conste o concepto, a data e a cantidade percibidas asinado por ambas partes, no caso de ingresos percibidos en efectivo. • Xustificantes bancarios do cargo en conta dos gastos e subministracións básicas da vivenda habitual que corresponda satisfacer á persoa arrendataria, relativos ao mes anterior ao da presentación da solicitude. • Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos últimos 24 meses da persoa solicitante. |
| FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES | <ul style="list-style-type: none"> • Preferiblemente electrónica para persoas físicas • Obrigatoriamente electrónica para persoas ou entidades obrigadas a relacionarse por medios electrónicos. |
| INFORMACIÓN | <ul style="list-style-type: none"> • SERVIZOS CENTRAIS IGVS.....981541981-981541982-981957529 • 012 • DIRECCIÓN TÉCNICA DE FOMENTO 981955787 - 981957838 |
| CONSULTAS | alugueiros-covid19.igvs@xunta.gal |